

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 21 DE OUTUBRO DE 2021, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

#### **DECRETOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Decreto polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción Fomento da mobilidade sustenble, itinerario peonil e ciclista na AC-214, treito: A Xira-Cambre (p.q. 7+220-8+540), de clave AC/20/009.06.2, no Concello de Cambre.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Pazos de Borbén do treito antigo da estrada EP-2908 Arcade-Amoedo, pp.qq. 11+660 a 11+740 marxe dereita.

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e a Fundación Semana Verde de Galicia para a celebración da terceira edición da feira da enerxía, no vindeiro ano 2022, por un importe total de oitenta mil euros (80.000 €).

##### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, as universidades de

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo e a Fundación da Universidade da Coruña (FUAC) para o desenvolvemento da análise da incidencia do cambio climático na costa galega, cofinanciado nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, por un importe de cento cincuenta e nove mil euros (159.000,00€).

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación relativo á execución da obra de mellora do sistema de saneamento dos concellos de Cee e Corcubión (A Coruña), de clave OH.315.1195, por importe de oito millóns cento corenta mil oitocentos corenta e catro euros con noventa e seis céntimos (8.140.844,96 €) e un valor estimado de seis millóns setecentos vinte e sete mil novecentos setenta e un euros con catro céntimos (6.727.971,04 €), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se declara a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia declarada polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020 como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID 19.

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a Estratexia galega de biorresiduos e residuos municipais 2021-2023.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo trámite de emerxencia, da adquisición de material de laboratorio, produtos farmacéuticos de limpeza e aseo e outros, así como gastos de desprazamento de persoal, derivados da situación de emerxencia ocasionada pola pandemia da COVID-19, por importe dun millón setecentos nove mil catrocentos dezasete con vinte e seis céntimos (1.709.417,26 €), IVE engadido, na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, durante o mes de xullo do presente ano.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo trámite de emerxencia, da adquisición de material de laboratorio, de limpeza e aseo, produtos farmacéuticos e outros, así como gastos de desprazamento de persoal, derivados da situación de emerxencia ocasionada pola pandemia da COVID-19, por importe dun millón trescentos cincuenta e cinco mil setecentos setenta e dous euros con oitenta e oito céntimos (1.355.772,88 €, IVE incluído) na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, durante o mes de agosto do presente ano.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación, polo trámite de emerxencia, da décimo segunda subministración de diverso material para facer fronte á COVID-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe dun millón cento trinta e tres mil cincocentos catro euros con corenta e tres céntimos (1.133.504,43 €), IVE incluído.
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo trámite de emerxencia da décimo terceira subministración de diverso material para facer fronte á COVID-19 nos centros da Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, por importe dun millón corenta e un mil setecentos corenta e un euros con trinta céntimos (1.041.741,30 €), IVE incluído.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a análise da demanda de terra agraria en zonas de concentración parcelaria con abandono.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA APROBA UN NOVO DECRETO QUE REGULA A FORMACIÓN E CONDICIÓNS DOS SOCORRISTAS NOS ESPAZOS ACUÁTICOS NATURAIS E INSTALACIÓNS ACUÁTICAS

- A formación mínima para o acceso ao Rexistro constitúe a referencia máis importante, dado que supón o establecemento duns novos altos estándares de calidade e capacitación para o desenvolvemento da profesión en Galicia
- As principais novidades son aumentar as posibilidades de acceso ao Rexistro a través dos cursos de adaptación para que se poida acoller o maior número de persoas e conseguir un número suficiente de profesionais que dean cobertura á crecente demanda de socorristas
- Está previsto que a Xunta poida organizar procesos selectivos unitarios para a selección do persoal e os concellos poderán asinar o correspondente convenio de colaboración coa AGASP, quen organizará o citado proceso.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao novo Decreto polo que regula a formación e as condicións esixibles para o desempeño das funcións de prevención e socorrismo tanto nos espazos acuáticos naturais (praias e augas interiores) como nas instalacións acuáticas (piscinas e instalacións acuáticas) de Galicia.

As principais novidades son aumentar as posibilidades de acceso ao Rexistro profesional de persoal socorrista de Galicia a través dos cursos de adaptación coa finalidade de que se poida acoller o maior número de persoas e conseguir un número suficiente de profesionais que dean cobertura na nosa Comunidade á crecente demanda de socorristas.

Ademais, regula a figura do persoal auxiliar de información e primeiros auxilios en espazos acuáticos naturais, que realizarán funcións informativas, auxiliares de axuda ou socorro, sempre baixo a dirección do persoal socorrista ou, de ser o caso, dos servizos de protección civil.

O decreto tamén regula a formación que debe reunir o persoal que exerza as funcións de prevención e socorrismo tanto nos espazos acuáticos naturais como nas instalacións acuáticas e a súa inscrición no Rexistro, e a formación que debe reunir o persoal auxiliar de información e primeiros auxilios en espazos acuáticos naturais e a súa inscrición no Rexistro. As entidades que poderán impartir os cursos de formación continua e os cursos de adaptación de actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas e en espazos acuáticos naturais.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O persoal socorrista e o persoal auxiliar deberán estar en posesión da formación mínima requirida, que deberá acreditarse no momento de solicitar a inscrición, e estaren inscritos no Rexistro profesional do persoal socorrista, información e primeiros auxilios de Galicia.

Finalmente, o decreto indica que está previsto que a Xunta poida organizar procesos selectivos unitarios para a selección de persoal socorrista e persoal auxiliar de información e primeiros auxilios en espazos acuáticos naturais e os concellos poderán asinar o correspondente convenio de colaboración coa Academia Galega de Seguridade Pública, quen organizará o citado proceso.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DA NOVA SENDA NA ESTRADA AUTONÓMICA AC-214 NO TREITO ENTRE A XIRA E CAMBRE

- Esta intervención de fomento da mobilidade sustentable e de mellora da seguridade viaria suporá un investimento da Xunta de máis de 585.000 euros, e inclúe o pagamento dos 15 predios necesarios para a súa materialización
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará as obras a finais de ano ou principios de 2022
- Executarase un itinerario pola marxe esquerda da vía, entre os puntos quilómetros 7+220 e 8+540, atravesando a ponte sobre o río Mero e conectando núcleos e zonas de equipamento e servizos
- Este itinerario complementará a senda de 720 metros proxectada nos núcleos da Telva, A Xira e a Pena de Sigrás de Abaixo, que conta cun orzamento de 835.000 euros
- A Xunta, no seu compromiso de habilitar nas vías da súa titularidade itinerarios seguros, sustentables e integrados na paisaxe, tamén executará unha senda na AC-213 na Telva, nos concellos de Cambre e de Culleredo, na cal investirá case 380.000 €

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para a construción da nova senda na estrada autonómica AC-214 no treito entre A Xira e Cambre, no concello de Cambre.

O Goberno galego investirá máis de 585.000 euros nesta nova actuación de fomento da mobilidade sustentable e mellora da seguridade viaria no municipio coruñés, que inclúe o pagamento dos 15 predios precisos para a súa materialización.

Executarase unha senda mixta, peonil e ciclista, de máis de 1,3 quilómetros de lonxitude, no treito comprendido entre os puntos kilométricos 7+220 e 8+540, conectando núcleos de poboación entre eles e zonas de equipamentos e servizos.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións e licitará a execución das obras a finais de 2021 ou principios de 2022. Os traballos contan cun prazo de execución de oito meses.

A actuación consiste na execución dun itinerario peonil e ciclista na marxe esquerda da AC-214, adaptado na súa configuración ás edificacións existentes, e que posibilitará o

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

enlace a pé entre o núcleo de Cambre e A Xira, rematando na estrada AC-213. Deste modo, a senda conectará a capitalidade do concello de Cambre cos itinerarios que existen ao longo do río Mero e, a través destes e doutras sendas que está a promover a Xunta de Galicia, cos núcleos e centros de servizos do Temple, O Burgo ou o Polígono de Alvedro.

No que se refire ao deseño, a actuación formúlase como unha senda de 2 metros de ancho, que se inicia no punto quilométrico 7+220 da vía autonómica AC-214 e discorre paralela a esta pola marxe esquerda, executándose entre treitos xa existentes, para atravesar a ponte existente sobre o río Mero e rematar no punto 8+540.

No seu percorrido o itinerario discorre por treitos de solo rústico e treitos de solo urbano. Nestes últimos existen beirarrúas, que serán reparadas, para o cal se fresará a capa de rodadura e se realizará a súa posterior reposición. Ademais, acondicionarase o contorno da paraxe de autobús situada entre os puntos quilométricos 7+575 e 7+605.

Na Intervención proxéctase, tamén, a execución de dous muros de cachotaría de 21 e 17 metros de lonxitude, respectivamente, e de altura variable de 1 a 2,50 metros, entre os puntos 7+329 ao 7+350 e do 7+971 ao 7+988 para soste a senda e mantela elevada sobre o leito do río existente.

Esta actuación é susceptible de financiamento a través dos fondos Feder 14/20.

### **Outras actuación na AC-214 e na AC-213**

Esta obra complementará outra actuación proxectada na estrada autonómica AC-214, en Sigrás, ao seu paso polo concello de Cambre.

A Xunta destina a esta actuación un investimento de 878.000 euros, co obxectivo de mellorar a mobilidade peonil e a seguridade viaria neste tramo da AC-214. Para iso, construírse unha senda, fundamentalmente peonil, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 8+500 e 9+260, desde a intersección tipo glorieta coa AC-213 e a N-550, dentro dos núcleos da Telva, A Xira e A Pena de Sigrás de Abaixo.


Ademais, o Goberno galego, no compromiso de habilitar nas estradas da súa titularidade itinerarios seguros, sustentables e integrados na paisaxe, tamén aprobou o pasado 23 de setembro as expropiacións para a construción dun itinerario peonil e ciclista na estrada autonómica AC-213 na Telva, nos concellos de Cambre e de Culleredo.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta investirá nesta actuación case 380.000 euros para habilitar dúas sendas diferentes e complementarias na marxe da AC-213, cunha lonxitude total de 680 metros: 540 na estrada AC-213 e 140 metros no ramal ao polígono de Alvedro

Plano de situación e planta xeral da actuación da senda na estrada AC-214, no treito entre A Xira e Cambre:



## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN DUN TREITO ANTIGO DA VÍA PROVINCIAL EP-2908 NO NÚCLEO DE MOGOS

- Transfírese un treito de 98 metros de lonxitude na marxe dereita desta vía, que xa non forma parte do itinerario principal da estrada provincial que comunica Arcade e Amoedo, e que discorre polos municipios de Pazos de Borbén e de Soutomaio
- A entidade local terá competencia para actuar nestes treitos e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Pazos de Borbén dun treito antigo da estrada provincial EP-2908 no núcleo de Mogos.

A entidade local solicitoulle á Deputación Provincial de Pontevedra un treito de 98 metros de lonxitude na marxe dereita desta vía, que xa non forma parte do itinerario principal da estrada provincial que comunica Arcade e Amoedo, e que discorre polos concellos de Pazos de Borbén e de Soutomaio.

A Administración provincial solicitoulle ao departamento de Infraestruturas da Xunta a transferencia da titularidade deste treito antigo da EP-2908, entre os puntos quilométricos 11+660 11+740.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas en Pontevedra, formula a proposta favorable de transferencia dese tramo antigo da EP-2908.

A transferencia a prol do Concello de Pazos de Borbén tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento. O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA COLABORA COA FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA NA TERCEIRA EDICIÓN DA FEIRA DA ENERXÍA

- A feira, que está programada para febreiro de 2022, aspira a mellorar as cifras da anterior edición e consolidarse como referente nacional e internacional no eido da transición enerxética
- Ademais da parte expositiva e de negocio, contará con xornadas técnicas e conferencias sobre as últimas novidades en eficiencia, enerxías renovables, almacenamento e autoconsumo
- Enmárcase nas accións da Xunta para conseguir unha óptima xestión e maior coñecemento dos recursos enerxéticos, nun contexto marcado pola escalada de prezos da factura da luz
- Hoxe abre o prazo para que o tecido empresarial solicite axudas para autoconsumo e almacenamento

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión desta mañá, a sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación Semana Verde de Galicia para apoiar a celebración da terceira Feira da Enerxía de Galicia, que se realizará en febreiro de 2022.

Froito deste convenio, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través do Inega, achega 80.000 euros (o 75,5 % do orzamento previsto para a súa organización) para contribuír á consolidación deste evento como un dos referentes no ámbito nacional e internacional no eido da transición enerxética.

Centrado nos sectores da eficiencia enerxética, as enerxías renovables –eólica, solar, xeotérmica, hidráulica e gases renovables–, o almacenamento e o autoconsumo, preténdese acadar un dobre obxectivo: constituírse como gran evento do sector, así como achegar un mellor coñecemento do ámbito enerxético galego, a través da promoción da estrutura empresarial e produtiva, pero tamén fomentando a conciencia social e promovendo boas prácticas no uso enerxético.

O convenio inclúe desde campañas de promoción e mellora dos servizos a programas de captación de visitantes e de formación. A maiores, o Inega facilitará asesoramento e apoio técnico e colaborará na organización e confección do calendario e das actividades.

Agárdase superar os datos obtidos na última edición, celebrada no ano 2018, cando se reuniron un total de 255 firmas de 20 países (preto dun 6 % máis que na primeira edición) e coa asistencia de 6200 visitantes (un 13 % máis que na primeira feira).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, a Xunta de Galicia mantén o seu compromiso co fomento, impulso e realización de iniciativas para a investigación, desenvolvemento, aplicación e divulgación das tecnoloxías enerxéticas co fin de conseguir unha óptima xestión dos recursos enerxéticos e un maior coñecemento por parte da sociedade e das empresas.

No contexto enerxético actual, os países están buscando patróns de produción e consumo que primen un aforro e eficiencia enerxética que sexa compatible coa sustentabilidade do planeta, nun momento, ademais, que coincide cunha escalada de prezos na factura enerxética que está supoñendo un obstáculo á competitividade empresarial e que tamén está xerando dificultades económicas nos fogares.

Por iso, desde a Xunta estanse a deseñar e activar medidas que axuden a conter esta situación, como é o caso das novas axudas para autoconsumo e almacenamento enerxético –cuxo prazo de solicitude se abre hoxe–, que contarán con preto de 20 M€ para as empresas, con aforros estimados de 7 M€ anuais nas facturas enerxéticas.

Tamén destacan as axudas do bono social eléctrico galego, que a Xunta ampliou este ano ata os 2,1 M€ para garantir o servizo nos fogares con máis dificultades. No que vai de 2021, os apoios xa concedidos están permitindo axudar a máis de 4500 familias. Continúa, ademais, a campaña informativa de apoio e asesoramento á cidadanía galega sobre a nova tarifa eléctrica implantada polo Goberno.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA E AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS COLABORARÁN NA CUANTIFICACIÓN DOS RISCOS DO CAMBIO CLIMÁTICO NOS MUNICIPIOS LITORAIS DA COMUNIDADE**

- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda completará a plataforma de información xeorreferenciada na costa cunha terceira variable, a erosión, prestando un especial grao de detalle sobre os dous quilómetros cara ao interior
- A partir das diferentes capas de información farase un inventario sobre os posibles riscos sobre a poboación, as infraestruturas, os sectores económicos e espazos naturais que debuxará na súa totalidade o visor cartográfico

A Xunta de Galicia e as tres universidades galegas colaborarán na cuantificación dos riscos derivados do cambio climático que poden afectar os concellos litorais da Comunidade.

O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para completar o desenvolvemento da ferramenta con que determinar os previsibles impactos do cambio climático nos municipios litorais.

Na actualidade, o visor cartográfico que existe na Comunidade permite visualizar os efectos e os riscos asociados nestes concellos, derivados das inundacións e da subida do nivel do mar. Así, ao abeiro deste convenio, integraranse as proxeccións climáticas da erosión, baseadas nas dinámicas de ondaxe elaboradas por MeteoGalicia, para avaliar os efectos do cambio climático en praias e estuarios.

Nese sentido, terase unha especial atención aos dous quilómetros cara ao interior a partir da liña de costa, por seren estes os máis afectados pola posible subida das augas e a necesidade de diagnosticar infraestruturas e edificacións que se puideren ver afectadas no futuro.

A Consellería considera que as dinámicas subministradas no marco do proxecto PIMA Adapta Costa do Goberno central para avaliar os efectos dos cambios na ondaxe e suba do nivel do mar non se axustan á realidade da costa de Galicia, posto que non son suficientes para a análise relativa dentro das rías galegas e considera oportuno utilizar a información de que dispón a Comunidade sobre as dinámicas de alta resolución, obtidas no marco do proxecto MarRISK.

Con toda esta información —que será de acceso libre a través do visor cartográfico— o persoal da Consellería de Medio Ambiente poderá identificar os danos e valorar

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

economicamente os riscos dos efectos do cambio climático que poden implicar para a poboación que vive nestes concellos do litoral, para as infraestruturas e edificacións localizadas nestes lugares e para os espazos naturais.

Así mesmo, identificar este posible risco é un xeito de adiantarse e planificar a toma de decisións co fin de aumentar a resiliencia da costa fronte ao cambio climático.

O convenio de colaboración, que prevé un investimento de case 160.000 euros ata finais de 2022, é unha mostra da capacidade de xestión da política ambiental da Comunidade galega, grazas á difusión, divulgación coordinación e seguimento da estratexia fronte ao fenómeno global do cambio climático.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DO SISTEMA DE SANEAMENTO NOS CONCELLOS DE CEE E DE CORCUBIÓN, QUE SUPORÁN UN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE 8,1 M€**

- A Xunta prevé licitar a vindeira semana estas obras, que conforman a 1ª fase das actuacións ao abeiro do Plan de saneamento da ría de Cee e Corcubión
- Augas de Galicia avanza nesta intervención unha vez que o Concello aprobou en Pleno o proxecto e puxo á disposición os terreos necesarios para a súa execución
- A intervención, cun prazo de 18 meses, prevé a renovación do colector das Laxes e a construción dun novo tanque de tormentas
- Augas de Galicia está a redactar o proxecto de construción dunha nova depuradora, correspondente coa segunda fase das actuacións proxectadas
- A Xunta continúa prestando apoio técnico e económico aos concellos para que exerzan de xeito eficiente as súas competencias de saneamento e abastecemento

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación das obras de mellora do sistema de saneamento dos concellos de Cee e de Corcubión, que suporán un investimento autonómico de máis de 8,1 millóns de euros.

A Xunta prevé licitar a vindeira semana estas obras. Cómpre lembrar que o Consello da Xunta da última semana xa aprobou a colaboración co Concello de Cee para levar a cabo esta actuación.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, avanza nesta intervención unha vez que o Concello xa aprobou en Pleno o proxecto e puxo á disposición os terreos necesarios para acometer as obras. Ademais, a Administración local asume o compromiso de recepción e explotación das actuacións, unha vez realizadas.

Pola súa banda, a Xunta comprométese a financiar integramente a actuación, así como a contratar e executar os traballos. Esta intervención é cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

Estas obras conforman a primeira fase das actuacións proxectadas ao abeiro do Plan de saneamento da ría de Cee e Corcubión para mellorar o funcionamento do sistema.

As actuacións, cun prazo de execución de 18 meses, teñen como obxectivo solucionar as deficiencias que presenta na actualidade a rede de saneamento de Cee e Corcubión.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O proxecto redactouse a partir dun estudo previo que constatou carencias no funcionamento dos bombeos e a existencia dun sistema de depuración cunha tecnoloxía de tratamento obsoleta.

### **Características técnicas**

Neste sentido, as actuacións proxectadas teñen como propósito solucionar estas deficiencias e optimizar o sistema de saneamento destes municipios, mediante a renovación do colector das Laxes e a construción dun novo tanque de tormentas.

Tamén se acometerá un novo colector que, desde o bombeo das Monxas, conduza as augas ao tanque de tormentas e as bombee á depuradora.

No colector das Laxes arranxarase o treito que discorre pola marxe dereita do río, desde a impulsión actual ata o novo tanque de tormentas.

Ademais, instalarase un *bypass* xeral de toda a instalación que permita que as augas sexan dirixidas ao tanque de tormentas ou aliviadas.

O tanque de tormentas dimensiónase para un volume de retención de 2.000 m<sup>3</sup>. A impulsión con 4 bombas e o pretratamento disporá de pozo de grosos e barutos autolimpantes.

### **Outras actuacións**

Por outra parte, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade tamén está a redactar o proxecto de construción da nova depuradora, conforme o recollido nun convenio anterior asinado co Concello de Cee en decembro do pasado ano.

Esta intervención, cuxa redacción do proxecto foi licitada por 347.000 euros, correspóndese coa segunda fase das actuacións proxectadas ao abeiro do Plan de saneamento da ría.

O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e económico aos concellos para que poidan desenvolver de xeito eficiente as súas competencias de saneamento e abastecemento, reforzando as garantías relativas á saúde pública, ao medio natural, á pesca, ao marisqueo ou ao turismo.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA DECLARA A FINALIZACIÓN DA SITUACIÓN DE EMERXENCIA SANITARIA

- Á vista da boa situación epidemiolóxica e do avanzado proceso de vacinación, dende o vindeiro sábado, día 23 de outubro, a nosa comunidade entra nunha situación de normalidade
- A hostelería e o ocio nocturno recuperarán o 100% dos aforos
- Cómpre subliñar que será necesario manter as máscaras en espazos pechados e cando non se poida manter unha distancia de metro e medio

O Consello da Xunta vén de acordar, na súa reunión de hoxe, a finalización da situación de emerxencia sanitaria, que estaba declarada dende o día 13 de marzo de 2020. Este levantamento prodúcese logo de escoitar onte aos expertos do Comité Clínico, e tras constatar que xa non é preciso, na situación actual, manter esta declaración, que ao longo deste período permitiu afrontar o perigo da pandemia e contar cos mecanismos necesarios de coordinación e de mobilización de medios e recursos baixo un mando único.

Á vista desta boa evolución epidemiolóxica en Galicia e do avanzado do proceso de vacinación, hoxe mesmo o Consello da Xunta declara que o vindeiro sábado, día 23 de outubro, ás 00,00 horas, levantarase o estado de emerxencia.

Na actualidade, a incidencia acumulada en Galicia a 7 e 14 días sitúase en 6,55 e 14,29 casos por 100.000 habitantes, respectivamente, fronte aos 23,19 e 43,15 casos por 100.000 habitantes do conxunto de España, sendo ademais a incidencia máis baixa de todas as comunidades autónomas. A porcentaxe de positividade está no 1,01%, e a taxa de ocupación en hospitalización de agudos e críticos, por 100.000 habitantes, está no 0,93 e 0,19, respectivamente, e por debaixo do conxunto do Estado, que está en 3,85 e 0,94 ingresos por 100.000 habitantes, respectivamente.

A fin da emerxencia sanitaria non significa que Galicia quede sen ferramentas no caso de que sexa necesario actuar. A nosa Comunidade Autónoma conta agora cunha Lei específica para xestionar a pandemia, que permite xestionar calquera posible empeoramento ou brote coas máximas garantías e con seguridade xurídica.

Ademais, no Consello da Xunta, acordouse incrementar os aforos ata o 100% en practicamente todos os ámbitos, tanto no interior como no exterior. Tamén na hostalería e no ocio nocturno. Con todo, no ocio nocturno seguirase a esixir o certificado

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de vacinación, así como nos albergues e, non se descarta que se poida solicitar noutros ámbitos para, deste xeito, facilitar a volta á normalidade coas máximas garantías.

No que atinxe aos horarios, no ámbito de hostelería estenderase o horario de apertura na noite dos venres e dos sábados, ata a 1,30 horas, os restantes días a limitación horaria fíxase ata as 1 horas da madrugada.

Polo que respecta ao ocio nocturno, nas noites do venres e o sábado, os locais poderán estar abertos ata as 4,30 horas e, os restantes días da semana, ata as 4,00 h. Así mesmo, no caso das discotecas e salas de festa, o seu horario de apertura estenderase ata as 5 horas da mañá, todos os días da semana.

### **Prudencia e cautela**

Cómpre subliñar que será necesario manter as máscaras en espazos pechados e cando non se poida manter unha distancia de metro e medio. En xeral, débese manter a prudencia e a cautela para convivir co virus, que está debilitado pero non erradicado.

O Goberno galego segue a dar pasos cara adiante e, practicamente, Galicia entra nunha situación de normalidade, cando menos de nova normalidade. Ao respecto, non está previsto que se manteña a periodicidade semanal do comité clínico, aínda que seguirá activo o subcomité para poder seguir asesorando na toma de decisións.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVISTE MÁIS DE 60 M€ PARA OPTIMIZAR OS SERVIZOS DE RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS E IMPULSAR A ECONOMÍA CIRCULAR DESDE O EIDO LOCAL**

- O Goberno galego presenta a Estratexia galega de biorresiduos e residuos municipais 2022-2023, con oito novas liñas de incentivos para fomentar e mellorar a recollida separada da materia orgánica, aceites, téxtil e outros refugallos de características especiais
- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda quere axudar os concellos galegos no reto que teñen por diante, como é o cumprimento da normativa europea en materia de xestión de residuos

A Xunta de Galicia ten previsto investir un orzamento de máis de 60 millóns de euros para optimizar os servizos de recollida de residuos urbanos e impulsar así a economía circular desde o eido local.

O Consello da Xunta coñeceu hoxe a Estratexia galega de biorresiduos e residuos municipais 2022-2023 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, na que se recollen oito novas liñas de incentivos –que contarán con fondos europeos– para avanzar en varias liñas de acción prioritarias: a materia orgánica no contedor marrón – os biorresiduos–, os refugallos domésticos especiais –como aceites e téxtil– e os puntos verdes, tamén coñecidos como puntos limpos.

Esta batería de axudas servirá para dar o impulso definitivo á instauración da recollida separada dos diferentes fluxos de residuos municipais, co fin de realizar unha boa clasificación destes de cara á súa reciclaxe.

Un dos eixes principais desta estratexia está centrado nos biorresiduos. O conxunto da sociedade galega debe familiarizarse coa súa recollida separada no fogar –a través do chamado quinto contedor, o marrón– para que esta materia entre no ciclo da economía circular antes do 31 de decembro de 2023, cando marca a normativa europea, e acadar unha nova vida como fertilizante natural: o compost.

Cada entidade municipal debe decidir, en función do grao de implantación dos modelos de recollida selectiva e da dispersión da poboación, o modelo de separación polo cal aposta: contedor marrón, compostaxe comunitaria ou compostaxe individual.

Non obstante, para calquera dos casos poderá optar a incentivos, xa que se establece unha liña de axudas para a introdución do quinto contedor no servizo de recollida municipal e outra para a implantación da recollida separada da materia orgánica a

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

través da compostaxe doméstica ou comunitaria. Ambas as vías de incentivos suman un importe global de 13,4 millóns de euros.

Para a Xunta este novo refugallo non é algo novo e leva tempo traballando na materialización dunha rede de infraestruturas, formada polas tres plantas que construíra Sogama, ademais da de Cerceda –xa en funcionamento–, en Cervo, Verín e Vilanova de Arousa, e polas 13 plantas de transferencia que están a ser construídas ou adaptadas.

O orzamento para que estas instalacións estean operativas e ao servizo das entidades municipais é de 38,6 millóns de euros. Grazas a este investimento, a gran maioría dos galegos disporán dunha instalación de biorresiduos ou de transferencia a menos de 50 quilómetros de distancia.

### **Residuos domésticos especiais**

Rescatar materias primas valiosas para a súa reintrodución na economía é outro dos obxectivos principais da estratexia. Nese sentido, impulsarase a recollida dos residuos especiais como aceites, téxtiles, domésticos perigosos, voluminosos, así como os de aparellos eléctricos e electrónicos.

Habilitaranse liñas de subvencións, por un importe de 2,2 millóns de euros, dirixidas ás entidades locais municipais e supramunicipais, así como ás agrupacións de entidades, para financiar ata un 90 % do proxecto co mellorar a xestión deste tipo de refugallos.

Entre os proxectos que poderán optar destaca a recollida separada de aceites domésticos usados; o desenvolvemento de iniciativas de recollida de residuos téxtiles, co fin de destinalos á preparación para a reutilización ou reciclaxe; e a adquisición de puntos verdes móbiles, para completar o servizo que xa presta a rede de puntos verdes existentes en Galicia.

Nese sentido, a terceira liña de acción prioritaria céntrase na ampliación da rede galega de puntos verdes fixos, antes denominados puntos limpos. O obxectivo é aumentar o número deste tipo de instalacións –que na actualidade son preto de 150–, para que calquera usuario poda ter unha instalación deste tipo a menos 10 minutos, é dicir, garantir a recomendación de accesibilidade a un punto verde de 5 km de distancia en zonas urbanas e 10 km nas rurais.

Así, coa mobilización dun investimento de 3,5 millóns de euros quérese ofrecer axuda aos 79 concellos galegos que actualmente non contan cun punto verde, servizo que poderán ofrecer de forma mancomunada.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar que, desde 2019, o Goberno galego xa investiu máis de 5 millóns de euros, a través de tres ordes de axuda, para a execución de 122 proxectos no eido da xestión dos residuos municipais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA 5,2 MILLÓNS DE EUROS PARA COMBATER A COVID-19 NOS CENTROS SANITARIOS

Este investimento xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da COVID-19 que elaborou no seu día o Comité de Expertos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación de emerxencia de catro expedientes cun orzamento total de 5.240.434 euros, destinados á adquisición de material para combater a COVID-19 nas áreas sanitarias de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras; e a de Santiago e Barbanza.

En concreto, para a área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco, os dous expedientes suman un importe total de 2.175.245 euros, que se destinarán á compra de tests rápidos de detección da COVID, medios de transporte de mostras, desinfectantes, luvas, sensores de pulxiometría, suturas mecánicas, vestiario cirúrxico, sensores de glicosa, equipamento para consultas, agullas, etc.

Para a área sanitaria de Santiago e Barbanza, os dous expedientes suman un importe total de 3.065.189 euros, que se destinarán á adquisición de material de laboratorio, produtos farmacéuticos e de limpeza e aseo, entre outros, para facer fronte á pandemia da COVID.

A adquisición de todo este material e da contratación dos servizos detallados xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da COVID-19 que elaborou no seu día o Comité de Expertos no seguimento do coronavirus, e que recolle, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no caso de posibles rebrotes.

O Comité de Expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urgencias hospitalarias.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA PRIORIZARÁ A CREACIÓN DE POLÍGONOS AGROFORESTAIS NOS 71 CONCELLOS EN QUE A DEMANDA DE TERRA AGRARIA COINCIDE COA SUPERFICIE ABANDONADA NAS SÚAS ZONAS DE PARCELARIAS**

- O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Consellería do Medio Rural onde se detallan e se analizan estas zonas preferentes de actuación, ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia
- Comparouse a información da demanda de terra agraria, recollida a través da manifestación de interese (MDI) realizada pola Consellería, coa localización das masas de concentración ou reestruturación parcelaria con abandono
- Esta mobilización de terras afectaría case 5.000 hectáreas de superficie con boa capacidade produtiva que, na actualidade, están abandonadas ou infrutilizadas
- Tamén se analizaron as posibilidades de cubrir as demandas de terra localizadas na manifestación de interese de proxectos autonómicos da Consellería a unha distancia máxima á explotación solicitante, dando así cobertura a 102 explotacións que precisarían preto de 2.500 hectáreas

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o informe da Consellería do Medio Rural onde se detallan e se analizan as zonas preferentes de actuación para desenvolver polígonos agroforestais de iniciativa pública, ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Para iso, comparouse a información da demanda de terra agraria, recollida a través da manifestación de interese (MDI) realizada pola Consellería do Medio Rural, coa localización das masas de concentración ou reestruturación parcelaria con abandono superior ao 50 % da súa superficie. Así, concluíuse que en 71 concellos se poderían desenvolver estas figuras de mobilización de terras, xa que a demanda de terra agraria pode ser satisfeita coa superficie dispoñible en zonas de concentración parcelaria abandonada do mesmo municipio.

Cabe lembrar que a Consellería do Medio Rural lanzou en marzo deste ano a Convocatoria de manifestación de interese de proxectos autonómicos, dirixida a identificar proxectos ou iniciativas que queren optar aos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, deseñado polo Goberno central. En total, recibíronse case un millar de propostas que indicaban a localización xeográfica da terra demandada, que supoñen un total de 21.322 hectáreas. Ademais, fóra da MDI, as cinco denominacións de orixe dos viños de Galicia solicitaron case 10.000 hectáreas para ampliar as súas zonas de produción.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Coñecida a demanda de terra que se precisa en Galicia, a Consellería realizou un novo estudo para identificar e cuantificar superficies continuas de concentración parcelaria (as coñecidas como masas de concentración) que cumprían cunha serie de requisitos– establecidos na Lei de recuperación da terra agraria de Galicia– e que puidesen ser empregadas para establecer polígonos agroforestais e, polo tanto, dar resposta a esa demanda de terras. Así, determinouse que Galicia conta con 707 masas de concentración parcelaria abandonada –que supoñen unha superficie de algo máis de 24.000 hectáreas concentradas en 88 concellos– para poñer á disposición daquelas explotacións que o precisen mediante a posta en marcha de polígonos agroforestais.

Desta forma, a través do presente informe cruzáronse os datos de oferta e da demanda de terras para poder determinar as zonas preferentes de actuación. Así, concluíuse que hai 71 concellos nos cales se podería dar cobertura a esa solicitude de terreo para ampliar a base territorial das explotacións da zona. Esta mobilización de terras afectaría case 5.000 hectáreas de superficie con boa capacidade produtiva que, na actualidade, están abandonadas ou infrautilizadas.

Doutra banda, o informe que hoxe se presentou no Consello da Xunta tamén analizaba as posibilidades de cubrir as demandas de terra localizadas na MDI a unha distancia máxima á explotación solicitante. Así, das 994 solicitudes que demandan terras xeolocalizadas a nivel de concello, 519 solicitudes indicaban unha distancia máxima respecto á explotación para localizar as terras demandadas. Tendo en conta a dispoñibilidade de terreo, a Xunta podería priorizar a delimitación concreta de polígonos para 102 explotacións (8 agrícolas, 76 gandeiras, 8 forestais e 10 mixtas) que demandan preto de 2.500 hectáreas nunha área en que existen concentracións parcelarias con abandono. Ademais, teranse en conta outras 39 explotacións para as cales existe superficie dispoñible en concentración parcelaria a menos dun quilómetro da distancia máxima que requiren para ampliar a súa base territorial, as cales suporían a mobilización doutras 855 hectáreas de terreo.

Polo tanto, tendo en conta a terra que se pode mobilizar en concellos e por explotacións, falamos da creación de polígonos agroforestais que porían en valor como mínimo 5.000 hectáreas de superficie de boa calidade que, actualmente, están abandonadas ou infrautilizadas.

### **Demanda de terra**

Cabe lembrar que a Xunta recibiu, ao abeiro da MDI, preto de 1.500 iniciativas –entre enquisas simplificadas e proxectos– de pequenas e medianas empresas que queren optar aos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, deseñado polo

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Goberno central. De todas elas, un total de 994 indican a localización xeográfica da terra demandada e supoñen a posta en valor de 21.322 hectáreas.

Deste total, algo máis de 13.200 hectáreas demandadas son para a orientación produtiva gandeira, máis de 1.900 hectáreas demandadas son para a orientación produtiva agrícola e algo máis de 1.400 ha para produción forestal. A estas cifras habería que sumarlle outras máis de 4.700 hectáreas que compatibilizarían produción mixta. Ademais, a maiores destes proxectos formulados á MDI, as cinco denominacións de orixe dos viños de Galicia solicitaron case 10.000 hectáreas para ampliar as súas zonas de produción.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA